



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MAR
Dirección Xeral
de Desenvolvemento Pesqueiro

galicia



Unión Europea
Fondo Europeo
Marítimo e de Pesca
(FEMP)

Confraría de Pescadores de Muros
Rúa Porta da Vila, 16 (Muros)
15250 A Coruña

Asunto: Remisión resolución

Achegase resolución do proxecto GALP4-029 ***Deseño e Desenvolvemento dun Protocolo de coxestión entre as confrarías da Ría Muros-Noia*** presentado por Confraría de Pescadores de Muros na convocatoria de 2017 para axudas a proxectos ao abeiro das estratexias de desenvolvemento local participativo, aprobadas aos grupos de acción local do sector pesqueiro para o desenvolvemento sustentable das zonas de pesca no marco do FEMP.

Santiago de Compostela,

A xefa do servizo de Desenvolvemento das zonas de pesca

Esperanza Martínez Bouzas

Asinado por: MARTINEZ BOUZAS, MARIA
ESPERANZA
Cargo: Xefa do Servizo de Desenvolvemento das zonas
de pesca
Data e hora: 25/08/2017 11:21:16

CVE: kz0f9g5Yd01
Verificación: <https://sede.xunta.gal/cve>





RESOLUCIÓN DA CONSELLERÍA DO MAR POLA QUE SE CONCEDE UNHA AXUDA AO ABEIRO DAS ESTRATEXIAS DE DESENVOLVEMENTO LOCAL PARTICIPATIVO AO PROXECTO CONXUNTO “Deseño e desenvolvemento dun protocolo de coxestión entre as Confrarías da ría de Muros-Noia” e código “GALP4-029” PRESENTADO POR “Confraría de Pescadores de Muros (G-15.038.508)”.

Confraría de Pescadores de Muros
Rúa Porta da Vila, nº16-2º
15.250 Muros (A Coruña)

Vista a proposta de resolución definitiva efectuada polo GALP Seo Fisterra Ría Muros Noia. Costa Sostible para a 1ª convocatoria do ano 2017, das axudas para proxectos ao abeiro das estratexias de desenvolvemento local participativo (EDLP) aprobadas pola Consellería do Mar aos grupos de acción local do sector pesqueiro (GALP) no marco do FEMP, e ao abeiro da seguinte normativa de aplicación:

- Regulamento (UE) nº 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se establecen disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural e ao Fondo Europeo Marítimo e de Pesca, e polo que se establecen as disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión e ao Fondo Europeo e Marítimo e da Pesca, e se derroga o Regulamento (CE) nº1083/2006, do Consello
- Regulamento (UE) nº508/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de maio de 2014, relativo ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e polo que se derrogan os regulamentos (CE) nº2328/2003, (CE), nº. 861/2006, (CE), nº 1198/2006 e (CE) nº 791/2007 do Consello, e o Regulamento (UE) nº1255/2011 do Parlamento Europeo e do Consello.
- Regulamento nº 966/2012 do Parlamento Europeo e do Consello, de 25 de outubro de 2012 sobre as normas financeiras aplicables ao orzamento xeral da Unión e polo que se derroga o Regulamento (CE, Euratom) nº.1605/2002 do Consello.
- Programa Operativo para España do FEMP, aprobado por decisión de execución da Comisión de 13.11.2015 C(2015) 8118 final.
- Criterios de selección para a concesión de axudas no marco do Programa Operativo do FEMP aprobados polo Comité de Seguimento.
- Preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, con especial e explícita referencia ao fraude do artigo 20.4.a., e Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento.
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro.
- Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.
- Orde do 24 de maio de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas para proxectos ao abeiro das estratexias de desenvolvemento local



participativo (EDLP), aprobadas aos grupos de acción local do sector pesqueiro para o desenvolvemento sustentable das zonas de pesca no marco do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca 2014-2020, e se convocan as correspondentes ao ano 2016.

- Convenios de colaboración asinado entre a Consellería do Mar e o Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro.
- Lei 7/2012, de 29 de outubro, de modificación da normativa tributaria e orzamentaria de adecuación da normativa financeira para a intensificación das actuacións na prevención e loita contra o fraude.
- Regulamento (CE) nº 1005/2008, polo que se establece un sistema comunitario para prevenir, desalentar e eliminar a pesca ilegal, non declarada e no regulamentada.
- Regulamento (CE) nº1224/2009 polo que se establece un réxime comunitario de control para garantir o cumprimento das normas da Política Pesqueira Común.
- Directiva 2008/99/CE, relativa á protección do medio ambiente mediante o Dereito Penal
- Lei 3/2001, de Pesca Marítima do Estado, modificada pola Lei 33/2014 cuxo Título V regula o réxime de infraccións e sancións no sector pesqueiro.

A persoa titular da Consellería do Mar, RESOLVE conceder á axuda ao seguinte proxecto, nas condicións que a seguir se sinalan:

DENOMINACION DO PROXECTO	Deseño e desenvolvemento dun protocolo de coxestión entre as Confrarías da ría de Muros-Noia		CÓDIGO	GALP4-029
BENEFICIARIO 1. (REPRESENTANTE)	Confraría de pescadores de Muros		NIF	G-15.038.508
BENEFICIARIO 2	Confraría de pescadores San Bartolomé de Noia		NIF	G-15.030.844
IMPORTE TOTAL DO PROXECTO	13.000,00 €			
IMPORTE TOTAL SUBVENCIONABLE	13.000,00 €			
PORCENTAXE DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA	92,50%			
IMPORTE DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA	12.025,00 €			
PROXECTO DE COOPERACIÓN (SI/NON)	SI			
PROXECTO PLURIANUAL (SI/NON)	SI	ANUALIDADES:2017-2018		
PRAZO DE EXECUCIÓN E XUSTIFICACIÓN ANO 2017	31/10/2017			
PRAZO DE EXECUCIÓN E XUSTIFICACIÓN ANO 2018	31/03/2018			

CONCEPTOS PARA OS QUE SE CONCEDE AXUDA

Anualidade 2017:



Concepto	Importe orzamentado	Gasto subvencionable (S/SM/N)*.	Importe subvencionado	Motivo minoración ou non subvención
Deseño e desenvolvemento dun protocolo de coxestión	6.500,00	S	6.012,50	
Total	6.500,00		6.012,50	

Anualidade 2018:

Concepto	Importe orzamentado	Gasto subvencionable (S/SM/N)*.	Importe subvencionado	Motivo minoración ou non subvención
Deseño e desenvolvemento dun protocolo de coxestión	4.500,00	S	4.162,50	
Carteis e Dípticos	400,00	S	370,00	
Publicacións	1.600,00	S	1.480,00	
Total	6.500,00		6.012,50	

- DISTRIBUCIÓN DA SUBVENCIÓN ENTRE OS BENEFICIARIOS**

1. Beneficiario 1, NIF: G-15.038.508

Accións que lle corresponde desenvolver	Anualidade 2016 (€)	Anualidade 2017 (€)	Anualidade 2018 (€)	Total
Deseño e desenvolvemento dun protocolo de coxestión		3.006,25	2.081,25	5.087,50
Carteis e Dípticos			185,00	185,00
Publicacións			740,00	740,00
Total		3.006,25	3.006,25	6.012,50

2. Beneficiario 2, NIF: G-15.030.844

Accións que lle corresponde desenvolver	Anualidade 2016 (€)	Anualidade 2017 (€)	Anualidade 2018 (€)	Total
Deseño e desenvolvemento dun protocolo de coxestión		3.006,25	2.081,25	5.087,50
Carteis e Dípticos			185,00	185,00
Publicacións			740,00	740,00
Total		3.006,25	3.006,25	6.012,50

Os beneficiarios da axuda, comprometense a:

Prioridade 4. O.T 8. O.E. 4 a) e b)

Artículo 63 FEMP. Medida 4.1.2 Aplicación de EDLP. Proyectos financiados polos GALP
Actuación cofinanciada polo FEMP nun 85%



1. Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención dentro dos prazos máximos que se establezan na resolución de concesión con cumprimento das condicións e prescripcións establecidas nela, na orde de convocatoria ou demais normativa de aplicación, de forma que se poida realizar a súa comprobación documental e material.
2. No caso de que o proxecto supoña o incremento de infraestruturas aloxativas, será requisito indispensable para a execución e xustificación do mesmo a obtención do informe favorable da Axencia de Turismo de Galicia.
3. Xustificar ante o GALP o cumprimento dos requisitos e das condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou o goce da subvención, conforme o establecido nesta orde.
4. Aportar e actualizar a información relativa ao proxecto solicitada pola Consellería do Mar.
5. Manter os investimentos en infraestruturas ou investimentos produtivos durante un período mínimo de 5 anos desde o último pagamento efectuado pola Consellería do Mar, ou de 3 anos no caso de mantemento de investimentos ou postos de traballo creados por pemes.

De acordo co artigo 71 do Regulamento (UE) 1303/2013, si unha operación comprende inversiones en infraestruturas ou inversiones produtivas reembolsarase prorrata temporis a axuda si nos 5 anos seguintes ao pago ao beneficiario, ou 3 anos no caso de mantementos de inversión ou de postos de traballo creados por pemes, se se produce o cese ou relocalización da actividade produtiva fora da zona do programa ou un cambio na propiedade que proporcione unha vantaxe indebida ou un cambio substancial que afecte á natureza, obxectivos ou condicións de execución da operación.

No caso de adquisición, construcción, rehabilitación e mellora de bens inventariables inscritibles nun rexistro público, como por exemplo inmobilés, embarcacións, vehículos, etc, farase constar a afectación á axuda no rexistro público correspondente. No caso de bens inscritibles nun rexistro público o período durante o cal o beneficiario deberá destinar os bens ao fin para o que se concedeu a subvención, non poderá ser inferior a 5 anos.

6. Non concertar a execución total ou parcial das actividades subvencionadas con persoas ou entidades afectadas polas situacions referidas no artigo 27.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
7. Someterse ás actuacións de comprobación, que efectuará o órgano concédente ou o GALP, se é o caso, así como a calquera outra actuación, sexa de comprobación e control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto autonómicos como estatais ou comunitarios, para o que se achegará canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
8. Comunicarle ao órgano concédente e ao GALP a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención. Esta

Prioridade 4. O.T 8. O.E. 4 a) e b)

Artículo 63 FEMP. Medida 4.1.2 Aplicación de EDLP. Proyectos financiados polos GALP

Actuación cofinanciada polo FEMP nun 85%



comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

9. Comunicarlle á Consellería do Mar e ao GALP calquera circunstancia que poida afectar substancialmente a execución dos fins para os que foi concedida a axuda de que se trate.
10. Acreditar, perante o GALP, na solicitude do pagamento, no caso de non autorizar a consulta á consellería do Mar, que se encontra ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma.
11. Manter un sistema de contabilidade separado, ou ben asignar un código contable adecuado que permita coñecer todas as transaccións relacionadas coa operación que se subviona, co obxecto de facilitar a pista de auditoría, de acordo co artigo 125 do Regulamento (UE) nº 1303/2013. Así como, dispor dos rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso, coa finalidade de garantir o axeitado exercicio das facultades de comprobación e control.
12. Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, durante un mínimo de cinco anos desde a percepción do último pagamento, de acordo co establecido no artigo 136 do Regulamento (UE; EURATOM) nº 966/2012.

Independentemente do sistema establecido para a xustificación da subvención, deberán manterse a disposición da Comisión Europea e do Tribunal de Contas Europeo, os documentos xustificativos relativos aos gastos subvencionados ata o 31 de decembro de 2023, salvo que o prazo que resulte do establecido no artigo 140 do Regulamento (UE) nº 1303/2013 sexa distinto, neste caso comunicarse coa antelación suficiente.

Os documentos conservaranse ou ben en forma de orixinais ou de copias compulsadas de orixinais, ou ben en soporte de datos comunmente aceptados, en especial versións electrónicas de documentos orixinais ou documentos existentes únicamente en versión electrónica.

13. Darlle a adecuada publicidade ao carácter público do financiamento do investimento realizado onde figurará o emblema da Unión con expresa mención á participación do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP), nos termos establecidos no artigo 115 e anexo XII do Regulamento (UE) nº 1303/2013 e do capítulo II do Regulamento (UE) nº 821/2014. De acordo co indicado no Regulamento de Execución (UE) 763/2014 da Comisión.

O beneficiario debe recoñecer que a operación recibiu o apoio dos fondos, adoptando en todas as medidas de información e comunicación:

- a) O emblema da Unión, de conformidade con las características técnicas establecidas no Regulamento de Execución (UE) n.º 821/2014.

Prioridade 4. O.T 8. O.E. 4 a) e b)

Artículo 63 FEMP. Medida 4.1.2 Aplicación de EDLP. Proxectos finanziados polos GALP
Actuación cofinanciada polo FEMP nun 85%



- b) Unha referencia ao Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP) que apoia a operación.
- c) O logotipo da Consellería do Mar.

Durante a realización da operación, o beneficiario informará ao público do apoio obtido dos fondos:

1. Facendo una breve descripción da operación no sitio de Internet, no caso que dispoña dun, de maneira proporcionada ao nivel de apoio prestado, incluíndo os obxectivos e resultados, e destacando o apoio financeiro da Unión.
2. Colocando un cartel con información sobre o proxecto (tamaño mínimo A3), no que se mencionará o apoio financeiro da UE, nun lugar facilmente visible para o público, como a entrada dun edificio.
3. O beneficiario colocará unha placa permanente ou cartel de tamaño significativo, en lugar ben visible para o público, no prazo de 3 meses despois da finalización dun proxecto que reúna as seguintes características:
 - i) Que o financiamento público total para o proxecto sexa superior a 500.000 €.
 - ii) Que o proxecto consista na compra dun obxecto físico ou no financiamento dunha infraestrutura ou en traballos de construcción.

A placa ou cartel permanente deberá indicar o nome do proxecto, o seu obxectivo principal, o emblema e unha referencia á UE e a referencia ao FEMP, que ocuparán alomenos o 25% do cartel. Tamén se incluirá unha referencia ao logotipo da Consellería do Mar.

14. No caso de proxectos convxuntos, os beneficiarios deberán ratificar ante a Consellería do Mar o acordo de colaboración para a execución do proxecto, unha vez notificada a concesión da axuda.
15. Cumprir as condicións de admisión da solicitude do artigo 10.1 a) e d) do Regulamento (UE) nº 508/2014, durante todo período de execución da operación e durante un período de cinco anos despois da realización do pagamento final ao beneficiario.

Cumprir as condicións de admisión da solicitude do artigo 10.1.b) e c) do Regulamento (UE) nº 508/2014. Para determinar o período de inadmisibilidade das solicitudes presentadas polos operadores, terase en conta o disposto nos artigos 3 e 4 Regulamento delegado (UE) nº 2015/288, modificado polo Regulamento delegado (UE) 2015/2252.

De acordo co establecido no artigo 10.3 do Regulamento (UE) nº 508/2014, cando se determine que un operador cometiera fraude no marco do FEP o FEMP), todas as solicitudes de axuda presentadas serán inadmisibles a partir da primeira decisión oficial pola que se estableza o fraude. Neste sentido, o período de inadmisibilidade estenderase ata o final do

período de subvencionabilidade de contribución FEMP establecido no artigo 65.2 do Regulamento (UE) nº 1303/2013.

No caso de detectarse que o beneficiario se atopa involucrado en algún dos supostos do artigo 10 do regulamento mencionado, e de conformidade co artigo 135 do Regulamento nº 966/2012, sobre as normas financeiras aplicables ao orzamento xeral da Unión, procederase á recuperación da axuda aboada indebidamente.

16. Reintegrar os fondos percibidos nos supostos contemplados no artigo 33 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.
17. Calquera outra derivada do articulado da orde de bases.

A Consellería do Mar publicará na súa páxina web oficial a relación das persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas. Tamén se publicarán no Diario Oficial de Galicia as axudas concedidas, expresando a convocatoria, programa e crédito orzamentario ao que se imputen, o beneficiario, a cantidade concedida e a finalidade da subvención.

Os beneficiarios da presente concesión de axuda deberán comunicar, no prazo de 10 días, a súa aceptación ou rexeitamento á Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar. Transcorrido este prazo sen producirse manifestación expresa, entenderase tacitamente aceptada a axuda, segundo dispón o artigo 21.5 da Lei 9/2007, do 13 de xullo, de subvencións de Galicia. A aceptación da axuda leva implícita a declaración responsable do beneficiario de que ten a capacidade administrativa, financeira e operativa para cumplir as condicións establecidas na resolución.

Contra esta resolución poderase interpor, con carácter potestativo, recurso de reposición ante a persoa titular da Consellería do Mar, no prazo dun (1) mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación ou ou recurso contencioso-administrativo, perante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous (2) meses contados desde o día seguinte ao da súa notificación.

Santiago de Compostela, 24 AGO. 2017

O/A conselleiro/a do Mar

**A CONSELLEIRA**
P.D. Orde 30-03-12 (D.O.G. 13-04-12)
DA 9º Decreto 177/2016, da 15 de decembro
ADIRECTOR XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO

Asdo.: Susana Rodríguez Carballo



